



O Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Unha nova mirada teolóxica no século XXI

Carmen Yebra Rovira¹

O pasado 28 de xuño de 2018 foi presentada a restauración do Pórtico da Gloria tras un longo período de dez anos pechado ao público. Desde ese mesmo instante as súas imaxes brillantes e incrivelmente limpas e coloridas comezaron a encher as redes sociais e os medios de comunicación con moitas voces ofrecendo parabéns ao resultado e, por suposto, moitas outras moi críticas coa propia restauración, cos seus principios, co tempo no que esta tardou en acabarse e, sobre todo, coas novas formas de acceso restrinxido que se anunciaban para a visita. Dun xeito ou doutro era evidente que comezabamos unha nova etapa da historia do Pórtico e un novo período para a comprensión da identidade da catedral de Santiago, para os seus usos e para a súa significación relixiosa e cultural. A efeméride é sen dúbida, unha oportunidade para repensar a obra do Mestre Mateo dende todos os ámbitos, tamén dende o teolóxico e relixioso, tendo como principio o feito de que se trata dunha obra de arte sacra nun templo con culto vivo que constitúe un destino nuclear na Europa occidental como lugar de peregrinación. A dificultade para o facer é grande posto que son moitas as perspectivas dende as que isto é posible. Antes de o facer, sen embargo, é preciso presentar algunhas transformacións de tipo epistemolóxico acaecidas nas últimas décadas, que son compartidas por todas as grandes obras de arte emprazadas en templos cristiáns. Eses cambios condicionan a

¹ Carmen Yebra Rovira é profesora de Sagrada Escritura na U. Pontificia Salamanca. Foi membro do consello de Encrucillada.

percepción do Pórtico e, polo tanto, a súa interpretación. Sen querer ser exhaustiva e sabendo que outras de igual importancia quedarán fóra, poñeremos o foco, en primeiro lugar, nos cambios nas formas de mirar que teñen os espectadores actuais coma un dos factores determinantes para a comprensión do Pórtico. Nun segundo, abordaremos a evolución acaecida na concepción dos espazos sagrados e a súa significación para quen os visita no presente. Tras estas seccións, ofrecerase unha breve reflexión teolóxica sobre o Pórtico acentuando o seu valor no século XXI, feita principalmente dende unha perspectiva bíblico-pastoral. O artigo péchase cunhas breves conclusións e preguntas abertas sobre o futuro desta obra dentro da catedral e das súas posibilidades catequéticas na actualidade.

1.- O Pórtico: unha obra renovada dentro dun novo contexto visual

No século XIII, cando os primeiros peregrinos entraron por esta Porta quedaron abraiados polas súas figuras, por todo un programa iconográfico e por un estilo que sen dúbida falaba dun xeito distinto ao do suxeito que hoxe se achega até ela. Aínda que pareza que ao longo do tempo o significado dunha obra artística ou dun templo non cambia substancialmente (a última restauración do Pórtico no altera esencialmente as figuras nin a súa fisionomía) a realidade é outra. Os cambios no suxeito que mira afectan enormemente á obra e ao seu significado. As formas de mirar non son neutras nin iguais para todos, pois dependen do contexto de cadaquén e van enchidas de comprensións e aprendizaxes previas. Para comprender moitas das reaccións haberá primeiramente que analizar que tipo de espectador a contempla. Este espazo non pode ter o mesmo significado para un peregrino que chega a pé a Compostela e anhela entrar na catedral e abrazar ao apóstolo, que para o espectador que sen un sentido relixioso contempla o Pórtico coma unha obra de arte ou unha magna obra da humanidade. Para un compostelán, esta Porta está enchida doutros significados que nacen da familiaridade con ela e dun trato frecuente, tanto que o sente coma algo propio.

Todos estes espectadores comparten, sen embargo, cambios significativos nas formas de mirar. O espectador actual vive nun contexto de ollada rápida, non repousada, nunha sociedade caracterizada polo consumismo visual. A súa mirada está moitas veces máis mediada polo desexo de facer unha fotografía para amosar que o lugar foi visitado, ca de comprender o que se está vendo ou afondar no seu significado. Desgraciadamente cada vez é máis habitual o feito de mirar o entorno a través dunha pequena pantalla; a do teléfono. Ademais, vive nun contexto no que o acceso aos lugares xa non ten que ser físico senón que as redes e a televisión permiten ver, estar e acadar experiencias similares ás da visita pero sen ter que se desprazar ao lugar. Xa non existe a sorpresa ante o que se vai ver porque normalmente xa foi visto a través de fotografías ou documentais. Isto que *a priori* parecería negativo ten, sen embargo, elementos positivos, pois permite poder fixarse en detalles que non son posibles nas breves visitas e facilita tamén outro tipo de experiencias multisensoriais. Ademais, contribúe a xerar unhas expectativas e novas reaccións ao ver a propia obra no seu contexto orixinal, no seu tamaño real, nas súas cores naturais ou no seu propio ambiente.

Este espectador vive tamén xa nun contexto secularizado no que a Historia Sagrada ou simplemente as historias bíblicas non son coñecidas coma en épocas anteriores. Iso provoca que ante a contemplación de obras de tema bíblico non se entenda o que se ve ou que se lles dea un significado novo e distinto pouco relacionado co seu sentido primixenio. Iso provoca o desinterese, acentuando ese ollar rápido, pero tamén aspectos moi positivos, pois permite descubrir elementos ou detalles que pasan desapercibidos para o espectador máis experto, sempre condicionado por un único xeito de ollar e necesitado de novas perspectivas. As preguntas feitas por estes visitantes non crentes, non coñecedores das historias bíblicas ou simplemente non coñecedores do románico abren a universos insospitados que deben ser percorridos porque a percepción do conxunto pode ser moi distinta e porque as asociacións de imaxes e universos culturais levan a realidades impensables.

2.- O Pórtico nun novo contexto espacial: «a porta que xa non é unha porta»

Un templo é unha realidade viva e dinámica sempre en continua transformación. Ao longo das centurias a catedral de Santiago sufriu modificacións tan nucleares coma a apertura do Pórtico da Trindade e os consecuentes cambios espaciais, priorizando a nave central fronte ao cruceiro. A ampliación no renacemento, a reforma do templo nos séculos XVII e XVIII coa construción da fachada barroca do Obradoiro e os cambios no XIX e no XX son mostra da súa vitalidade. As ampliacións, destrución de capelas, incorporación de novas obras artísticas substituindo outras anticuadas ou vellas, a intervención de distintos mecenas cos seus gustos persoais forman parte da vida do templo que sempre se presenta coma unha realidade en continuo crecemento e forzosamente incompleta. Ao visitante no lle choca un altar barroco nun templo románico senón que o integra coma parte inseparable do conxunto. Cada modificación –pasado un tempo– queda interiorizada e normalizada coma parte inseparable do conxunto e esa nova visión achega novos significados a cada sección.

Esta observación remarca que o Pórtico non se pode illar do conxunto, das outras portas, da visión de pluralidade e das intervencións –grandes ou pequenas doutras épocas–. Cada unha delas reconfigura, recontextualiza e dota de novos significados a este espazo, ao tempo que lle fai perder algúns xa adquiridos. Outras veces eses cambios potencian a conservación das mesmas experiencias aínda que transformando o xeito de acadalas. Así, por exemplo, a sorpresa que os peregrinos tiñan ao ver a obra do Mestre Mateo é a mesma que teñen os visitantes hoxe en día ao contemplar a fachada do Obradoiro. Todas estas transformacións son testemuño e reflexo dunha comunidade viva que expresa o seu sentir relixioso ao longo dos séculos pero tamén de cambios históricos que non sempre van da man de elementos relixiosos.

Dentro destas transformacións poden incluírse as que teñen que ver co sentido e o uso do espazo. A catedral de Santiago era destino de peregrinos e visitantes que accedían ao seu interior por calquera

das súas portas: Acibechería, Praterías ou Obradoiro, ademais da Porta Santa nos anos santos. Para os habitantes de Santiago era ademais un espazo vivido que servía de paso dentro da propia cidade, como moitos aínda lembran, «a catedral funcionaba como unha rúa máis de Compostela». Esa versatilidade das súas portas, sempre abertas, propiciaba o paso e a contemplación do Pórtico, espazo no que se congregaban propios e alleos para botar unha ollada, desfrutar da súa beleza e ter un anaco de oración ante as súas figuras. Dous ritos moi normalizados, o santo dos croques e a oración poñendo as mans no parteluz formaban parte do comportamento natural dos composteláns e dos visitantes.

Xa hai uns anos comezou unha transformación radical do templo consistente na regulación das visitas, a limitación de acceso por algunhas portas e, por último, o peche do Pórtico da Gloria e a súa musealización; é dicir a perda do seu significado dentro do templo, o seu illamento e o seu uso como museo de acceso restrinxido. Todo iso de nuclear importancia e con consecuencias que aínda non somos capaces de ver na súa integridade é explicable por cambios externos de carácter contextual. En primeiro lugar, polo incremento exponencial e incontrolado das visitas á cidade e ao templo alentadas pola creación do «Xacobeo» e á popularización do turismo debida, entre outros motivos, ao abaratamento das viaxes². Iso propicia un aumento de visitantes e un consumo destrutivo tanto para o sentido sagrado do templo coma para o propio patrimonio arquitectónico e cultural. En segundo lugar, polas necesarias obras de restauración e mantemento e, sobre todo, porque un templo vivo de tantos séculos está pasando a ser considerado fundamentalmente como unha obra de arte da humanidade, como un patrimonio cultural que ten que ser protexido. Nesta liña non se pode deixar de constatar que a necesidade de financiación externa para a súa conservación provoca

2 Co termo Xacobeo estémonos a referir ao movemento económico-turístico-relixioso que transformou conscientemente o Camiño de Santiago e os anos santos nunha ruta e nun evento económico-cultural potenciando a multiplicación de visitantes, turistas, camiñantes que por motivos moi diversos –e non única nin primeiramente relixiosos– chegan até Santiago.

unha «venda» ou perda de control sobre os usos da catedral e as normativas legais sobre a conservación patrimonial condicionan como realizar as obras. Todo iso provoca límites nos seus usos e nas posibilidades de reforma e, progresivamente, a perda de control sobre o espazo coa súa consecuente secularización ou desaceralización. A catedral, e en concreto o Pórtico, deixan de ser un espazo culto-celebrativo, de oración e encontro con Deus, a ser un lugar para ser visitado e protexido.

A máxima expresión deste cambio da función do templo e a súa progresiva secularización verifícase co peche da porta principal da catedral –a do Obradoiro–, por mor da conservación doutra porta, a da Gloria, tendo como resultado a perda completa do seu sentido sagrado ao desgaxalo do templo e ao provocar a perda do seu sentido como entrada presidida polo Pantocrátor nun templo adicado a un apóstolo que te recibe dende a entrada e que te conduce até a súa tumba. O gran paradoxo non é soamente que a Porta deixa de ser unha porta para pasar a ser un espazo pechado visitado por uns poucos, senón que se rompe co sentido teolóxico da propia porta como espazo de acceso á divindade e ao templo do Señor Santiago e como consecuencia co sentido do templo tal e como o coñecemos até hoxe; coma espazo aberto e de acollida. Este illamento acentúase co paramento de madeira que neste momento separa o Pórtico do resto do templo e que fai que o propio Mestre Mateo xa non mire cara ao Señor Santiago presente no altar maior senón cara un muro. Quen o ve pregúntase que faría o «pobriño» para, despois de tantos séculos, quedar mirando a unha parede coma se estivese castigado. A frustración que esta realidade produce no visitante afeito a entender a catedral de Santiago coma espazo aberto e universal é indescribible.

Estes cambios na concepción e no uso dos espazos, malia a parecer moi negativos (e de feito selo) constitúen tamén un reto e ofrecen aspectos positivos que poderían ser empregados con fins relixiosos. A afluencia de visitantes, crentes ou non crentes, sempre é unha oportunidade para dar a coñecer o sentido fundamente crente da catedral e presentalo coma lugar de posible encontro

con Deus. Cada intervención artística (limpeza ou restauración) ofrécenos o reto de mirar o que xa coñecemos dun xeito diferente, de lembrar que a mesma realidade pode ter lecturas diversas e espertar sentimentos novos. Nunca coma hoxe tiveramos acceso ás imaxes situadas máis lonxe do espectador, ni se puidera apreciar o detalle, ou o mirar cara a cara ao Señor Santiago. Os andamios, tantos anos situados arredor do Pórtico, permitiron a creación de novas visións e perspectivas desta obra e das súas figuras, fixadas para a posteridade coas fotografías e os documentais realizados. Veremos o que o futuro dirá de todos estes cambios.

3.- O Pórtico da Gloria hoxe dende unha mirada teolóxica

Os grandes templos son unha amalgama de xeitos de vivir e expresar o sentir culto-relixioso renovado e transformado ao longo do tempo. Con todos os cambios nos espectadores e na entidade do Pórtico e da propia catedral previamente presentados, é tempo de lle preguntar cal é o seu sentido teolóxico hoxe, cales son as súas posibilidades para seguir transmitido diferentes aspectos da revelación, cal é –ou pode ser– a súa relevancia para os crentes e para os visitantes que se achegan a el, sabendo, como se explicaba anteriormente, que o contexto cultural é diametralmente diferente ao das últimas centurias e, por suposto, ao do seu momento de creación. Coma todas as obras antigas, renovadas e vistas con novos ollos, lanza importantes retos pastorais; entre eles, o máis relevante é o non perder o seu sentido relixioso, sobrepoñéndose a toda presentación artística ou patrimonial, pero sen deixar de lado outras posibilidades, preguntas e riscos que trataremos de esbozar a continuación.

As guías do Pórtico ou a propia visita centran o sentido desta obra no pasado, explicándoa como reflexo da Xerusalén celeste formulada no libro da Apocalipse. Tratan de afondar no significado que tivo o Pórtico nas orixes sen ter en conta a súa vitalidade froito e reflexo dunha comunidade crente en continuo movemento dentro dunha historia sempre cambiante. O obxecto en si mesmo xa cambiou, xa se enriqueceu de significados que non tivera cando os primeiros peregrinos chegaron e se asombraron ante esta porta.

A súa realidade tampouco é xa a desa porta tapada por outra porta –a excelsa fachada do Obradoiro– que relegara a súa posición a unha porta interna no século XVIII. A realidade de hoxe é a dun museo, illado no interior dun templo, con acceso restrinxido a pequenos grupos que acceden a el dende o Pazo de Xelmírez.

Repensar o sentido relixioso-teolóxico do Pórtico constitúe un novo reto que entraña numerosas dificultades. A primeira é a dos distintos ámbitos dende os que pode ser contemplada e que non poden ser abordados neste artigo, pero si deben ser apuntados. Os intereses dende a teoloxía dogmática irían enfocados a analizar a súa cristoloxía e eclesioloxía, é dicir, que imaxe de Cristo se amosa, que tipo de comunidade aparece representada e como poden enriquecer á comunidade crente actual. Ademais hai una pregunta escatolóxica de primeira orde: cal é o concepto de salvación presentado, como se define visualmente a gloria, quen son os convocados e quen os rexeitados. Os retos nesta liña afrontan como transmitir a mensaxe da salvación para o crente de hoxe cando todos os compoñentes visuais remiten a una Igrexa e a unha Teoloxía xa pasada e a concepcións coma a do purgatorio que hoxe se ven dun modo diferente. A contemplación desta obra é sempre un acicate para pensar no máis aló, no sentido da vida e da morte, para facer máis preta a morte e as realidades transcendentales. Haberá que se preguntar se a relevancia que o apóstolo Santiago tivera no pasado como *psicopompos* ou mediador dos mortos e condutor das ánimas pode alentar a reflexión sobre o sentido crente da morte e a vivencia pacífica da etapa final da vida hoxe. Nunha sociedade coma a actual, que agacha a morte e os momentos finais da vida, o Pórtico preséntase coma un testemuño da importancia desa realidade e da necesidade de que cada época lle dea as respostas que para ela sexan significativas. O Pórtico sempre constitúe un punto de partida para as preguntas últimas sobre a vida e a salvación e sobre o sentido da historia outorgando relevancia a todos aqueles que participan nela.

Dende o punto de vista da teoloxía moral, o Pórtico na súa orixe ofrecía un conxunto de vicios e virtudes, comportamentos rectos e erróneos que conducían á salvación ou á condenación. Todo o seu

programa leva a preguntarse cales son hoxe eses «vicios e virtudes» e a quen afecta a súa realización ou a súa omisión. Supón polo tanto a reflexión sobre a xustiza e a inxustiza tanto individual coma social. A cuestión moral tamén excede ao programa iconográfico para preguntarse sobre a moralidade da obra de restauración acometida e do uso inxente de cartos e recursos humanos empregados nela. É necesario valorar tamén a viabilidade do proxecto a longo prazo, pois se ben é certo que a salvagarda do patrimonio exige un acceso controlado, o custo do seu mantemento (climatización, seguridade e outros) pode facer o proxecto insostible. Son, sen dúbida, temas moi complexos e controvertidos pero que deben quedar apuntados. Igualmente é absolutamente urxente e necesario formular dende a ética o fenómeno do acceso restrinxido ao Pórtico e a disonancia co sentido orixinario desta parte do templo; a de servir como acceso principal ao mesmo. Iso abre á reflexión dende a teoloxía práctica, que abordaría as consecuencias que terá o feito de que o Pórtico sexa considerado primeiramente como obra de arte, como obxecto artístico que debe ser coidado e conservado, antes que coma peza cun sentido relixioso dentro dun templo vivo. É urxente a reflexión sobre as consecuencias que terá esta musealización para o templo, espazo aberto e lugar de destino de milleiros de peregrinos que deberán afrontar a frustración que suporá para eles ter pechado o acceso a esta parte do templo e a entrada pola fachada do Obradoiro.

O máis grande reto pastoral, compartido por case todos os lugares sagrados, dende grandes templos a pequenas capelas, é como dar voz ás imaxes que conteñen e que xa non son significativas. Unha imaxe non sempre «vale máis ca mil palabras». A gran parte da arte relixiosa é unha realidade muda agardando a ser explicada. Iso abre á gran potencialidade bíblico-pastoral desta obra ou doutras similares.

O Pórtico, coa súa selección de historias e personaxes, transmite unha historia de salvación, centrada en Cristo, que percorre todo o Antigo Testamento e o Novo condensando unha visión integral da revelación facendo paralelismos entre os seus protagonistas e

presentando a totalidade da Escritura como camiño de encontro con Deus. É, daquela, unha chamada para non esquecer que a mensaxe de Xesús cobra sentido pleno á escoita de toda a revelación. A mención de profetas e mulleres fortes de Israel así como a representación explícita da árbore de Xesé son unha ensinanza que ofrece o valor do pasado, do presente e abre cara ao futuro.

Esta magna obra evidencia a centralidade que a Sagrada Escritura tiña nas artes e na reflexión do Medievo e é, sen dúbida, un acicate para alentar o mellor coñecemento da Biblia hoxe no medio da comunidade crente, a súa lectura e a súa proclamación, pero tamén para alentar a súa difusión como obra mestra da literatura universal que deu orixe á gran maioría da produción artística occidental até o século XIX. Sen o seu coñecemento, as imaxes quedan baleiras e, malia a contemplar as figuras, perdemos un patrimonio de valor incalculable. Os cambios na iluminación e nas cores permiten unha ollada moi positiva que non silencia a pregunta tantas veces realizada sobre quen son os personaxes que están nos arcos e nas columnas. A identificación de personaxes é sempre a primeira vía para explicar o sentido das arcadas. O paradoxo está en que aínda que se diga quen son, o visitante non ten por que coñecer as súas historias. O Pórtico pode, daquela, suscitar curiosidade polos libros bíblicos e as súas narracións e, tal vez, iso sirva para propoñer un itinerario bíblico que conduza ao visitante pola literatura tanto do Antigo coma do Novo Testamento. Sería una brillante práctica pastoral a de conducir dende as figuras até os libros e, coñecendo os libros e as súas historias, comprender o sentido da historia de salvación condensada neste conxunto. O Pórtico coa súa selección de personaxes –uns 200– convida a recordalos ou coñecelos e, por tanto, a recuperar suxeitos, pasaxes e libros contidos na Biblia. Ese camiño bíblico-pastoral tamén é unha invitación a se fixar en quen non está, en que outros libros ou textos falan de gloria, salvación, humanización e humanidade e abrir camiños tanto dende a presenza coma dende a ausencia preguntándose pola «irrelevancia» de personaxes e historias en cada momento histórico. Dito doutro xeito, cales son os motivos da «omisión» consciente ou inconsciente dalgúns textos bíblicos.

Á marxe da identificación concreta dos personaxes do Pórtico, esta obra presenta a unha comunidade que se caracteriza pola súa enorme pluralidade. Hai homes e mulleres, personaxes principais e suxeitos que parecen secundarios (pero que están) que conducen á reflexión da identidade das nosas comunidades e da Igrexa. As figuras que están nas columnas fronte ao Pantocrátor, na traseira do Obradoiro, contribúen a facer percibir a circularidade desa comunidade de crentes e denuncian os nosos modos de ollar cando deixamos de lado aos que están detrás, aos que non se miran normalmente e aos que son secundarios ou están agochados ou sometidos. Estamos afeitos a prestar atención aos centros, aos protagonistas, e no Pórtico a potencialidade das cores e a centralidade dalgúns personaxes fai que outros pasen completamente desapercibidos. O seu visionado pode impresionar polo Pantocrátor, as figuras de Daniel, Moisés, Isaías, Xeremías, os evanxelistas ou as figuras mellor conservadas, pero é sempre unha invitación a se fixar nos detalles, a mirar cara a abaixo, cara aos laterais e cara aos pés. A experiencia de ollar ao Pórtico é hoxe en día reflexo de como miramos á nosa sociedade e das posibilidades que esconde en si mesma se a queremos mirar ben. Non perder de vista aos esmagados, aniquilados, «condenados» ou simplemente aos non protagonistas é outro dos retos fundamentais que este conxunto lanza hoxe.

O conxunto do Mestre Mateo ofrece tamén a visión dunha comunidade arredor de Cristo caracterizada polo dinamismo, a estreita comunión entre personaxes e a ledicia. A continua conversa, de dous en dous, é lembranza da necesidade tanto de diálogo coma de continuar coa transmisión desa boa nova da salvación que leva á ledicia. Esa escoita debe estar acompañada tamén pola escoita do ambiente, dende a afinación dos instrumentos até o son do conxunto. É imposible contemplar o Pórtico sen escoitalo.

Esa comunidade está formada por suxeitos de características e funcións moi diferentes pero sen dúbida os moitos anxos que nela aparecen chamarán a atención do espectador actual e ofrecen o reto de explicar a identidade destas figuras na actualidade. Se nos fixamos atentamente son quen conducen ás animas e son para

hoxe imaxe dos mediadores, das persoas que axudan aos outros, que poden pasar desapercibidos, pero sobre todo, que son capaces de estar en todos os contextos, de traspasar fronteiras e de estar sempre en continuo movemento. Tanto dende o arco do paraíso coma do arco do inferno aparecen anxos conducindo ás persoas. A súa presenza reivindica como, tanto onte coma hoxe, son necesarias persoas que medien entre espazos, que axuden ás persoas máis vulnerables, que conecten o presente co pasado, que se movan por lugares que moitos considerarían de perdición e que dinamicen ao conxunto da sociedade.

A riqueza desta portada e a súa complexidade ben poden ser utilizadas como vía de aprendizaxe da necesidade de desenvolver una mirada lenta, contemplativa, incisiva da realidade tan contraria a ese ollar rápido e consumista que se explicaba ao comezo deste artigo. Esa mirada contemplativa pode recuperar a *Vía pulchritudinis* como camiño de acceso a Deus, pois a contemplación do Pórtico é tamén unha fonda experiencia estética. As cores, as formas, os rostros, pero sobre todo o son que sae deses instrumentos e as voces froito do diálogo entre personaxes levan a una contemplación na que deben ser aplicados todos os sentidos, especialmente a vista e o ouvido. Todo iso pode ser unha excelente mostra para desenvolver unha lectura ou unha contemplación da realidade dende a aplicación dos sentidos, favorecer una percepción máis sensitiva dos textos e das realidades e poñer en valor á imaxe relixiosa como vía de acceso á transcendencia. Como diría o historiador da arte, Juan Plazaola,

el influjo de la imagen es, a veces, más eficiente y más profundo que la enseñanza oral para fundamental la vida del creyente. La imagen influye en las ideas y en los sentimientos; se hace modelo, se convierte en ideal de vida para el que la contempla³.

Malia que a beleza é probablemente unha das características máis relevantes desta obra, non se pode esquecer que tamén reflexa a fealdade, o horror e os monstros. O Pórtico pode servir como lembranza de como nos tratamos os seres humanos entre

3 JUAN PLAZAOLA, *Arte sacro actual*, BAC Maior, 2006, 310.

nós; aparecen os rostros deformados, os expulsados e os esmagados. Figuras, especialmente baixo os grandes piares e no tímpano do inferno, que antes da restauración pasaban desapercibidas ou producían medo, serven como denuncia sobre os nosos esquecidos, aniquilados ou afastados da sociedade. A beleza desas figuras e a súa deformidade é un camiño máis para descubrir as realidades do mundo. O Pórtico é unha representación sempre nova, sempre inquietante, sempre aberta a novas interpretacións.

O primeiro xesto do visitante que se achega a esta porta é alzar a vista. O Pórtico dende a súa entidade física invita á elevación, xera sorpresa e asombro, deixa abraiado ao visitante. Non aproveitar esas experiencias fará que se perda o sentido desta obra e a súa potencialidade relixiosa hoxe. Esta experiencia compartida por crentes e non crentes é o punto de partida de importantes ensinanzas que poñen de relevancia a vitalidade desta obra mesmo cando gran parte do seu sentido se perdeu e cando o seu contexto espacial sufriu unha transformación tan grande que pon en risco a súa identidade.

4.- Conclusións inconclusas

As páxinas precedentes amosan que estamos nun momento dun auténtico cambio de paradigma no significado da catedral de Santiago. Os cambios no Pórtico afectan a todo o templo a ao seu sentido e tamén ao significado da propia obra do Mestre Mateo. Apúntanse críticas e tamén algunhas achegas positivas desta transformación. Haberá que esperar un pouco máis para poder analizar a recepción de todos estes cambios agudizando a escoita, especialmente dos que se achegan ao templo cunha intencionalidade relixiosa e tamén da comunidade local crente, tanto compostelá coma galega. Estes cambios afectan de modo moi particular a toda Igrexa de Galicia que ten á catedral de Santiago como un dos espazos centrais de expresión da súa fe.

A intervención artística no Pórtico trae consigo elementos moi positivos. Así, por exemplo, a súa excelente iluminación e as novas

técnicas de imaxe permiten descubrir espazos aos que non chega a vista do espectador. Iso é fundamental para afondar no sentido de sacralidade do espazo e da beleza divina e da grandeza das obras humanas. O conxunto tamén nos axuda e obriga a cambiar de perspectiva e convidanos a mirar tanto a obra coma o mundo dun xeito distinto. As imaxes do Pórtico, que foron novidosas e impactantes cando se esculpiron, pois eran exemplo dun novo estilo e dun novo tempo, seguen sendo igual de significativas hoxe e son unha chamada de atención tanto para a necesaria renovación do imaxinario cristián e da imaxinería relixiosa como da súa interpretación e utilización.

Malia a todo iso, non queremos pechar este artigo sen salientar que o gran risco da restauración do Pórtico e da renovación da catedral é non coidar a súa identidade como espazo sagrado e como espazo vivo de culto e oración. A catedral compostelá é unha realidade vella chamada a ser renovada constantemente coma lugar de acollida e hospitalidade, un centro de devoción e celebración, unha meta para milleiros de peregrinos que levan séculos acudindo a ela para se atopar co apóstolo Santiago e con Deus. Coidemos pois os cambios que se fan nela e avaliemos coidadosamente as súas consecuencias.

Carmen Yebra Rovira